

CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)

CAMPAMENTO DE VERÁN 2017.

Por medio do presente, dase publicidade a actividade denominada CAMPAMENTO DE VERÁN 2017, segundo Decreto de Alcaldía de data 19/06/2017:

“Á vista do interese por realizar a Actividade “Campamento de Verán 2017” xa que é un proxecto que surge para dar resposta á necesidade de cuidar e atender ós nenos no período vacacional, trátase tamén de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral e apostar por una metodoloxía que desenvolva nos nenos una serie de valores a través de actividades lúdicas e recreativas e que utilicen o seu ocio e tempo libre de forma constructiva,

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o proxecto de organización da actividade denominada “Campamento de Verán 2017” que se rexirá polas seguintes normas reguladoras:

- 1º O campamento terá lugar entre os días 3 de xullo e 10 de agosto.
- 2º As idades dos nenos que poden participar no campamento serán de entre 3 e 16 anos.
- 3º As actividades que se van desenrolar durante o campamento serán levadas a cabo por 2 monitores, especialistas en actividades deportivas e de lecer e serán adaptadas as idades e características dos nenos e o entorno. Serán actividades deportivas, diferentes obradoiros, xogos e rutas.
- 4º O horario será de mañá de luns a xoves de 11 a 14 horas. O lugar será no hospitalillo, e no entorno da praia fluvial.
- 5º As presentes normas serán publicadas no taboeiro de anuncios do concello e na páxina web.
- 6º Prazo de inscrición: haberá que presentar solicitude debidamente cumplimentada, segundo o modelo que se lles facilitará nas oficinas do concello, e presentala no Rexistro Xeral do Concello de Vilariño de Conso en horario de 8:30 a 14:30 de luns a vernas, entre os días 26 e 30 de xuño.

CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)

7º O número de prazas para este campamento é de 20 nenos

8º A adxudicación das prazas terá lugar por orde de inscrición no rexistro de entrada de Vilariño de Conso. No caso de haber máis solicitudes que prazas ofertadas, terán preferencia aqueles nen@s que xa tiveran participado en algunhas das actividades que se foron desenrolando durante o 2017 e organizadas polo concello "multideporte", "speaking no rural" e/ou "técnicas de estudo", sempre que se presente igualmente a solicitude correspondente no prazo outorgado.

9º En caso de no conseguir praza tódolos interesados se creará unha lista de reserva por orden de inscrición, para o caso de que algún neno cause baixa ao largo do campamento.

SEGUNDO: *Do presente acordo daráse publicidade no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web www.vilarinodeconso.es*

En Vilariño de Conso, a 19 de xuño de 2017.

O ALCALDE.

D. Ventura Sierra Vázquez.

